

9

Escóitame



Eco

Xúpiter era o deus máis poderoso de todo o Olimpo romano. A el encantáballe descender a Arcadia para charlar e rir cos seus habitantes, pero temía que a súa muller, Xuno, se enfadase. Por iso ideou un enxeñoso estrataxe-ma. Xúpiter convenceu a ninfa Eco para que charlase de calquera cousa con Xuno mentres el aproveitaba para distraese.

E o truco funcionou durante un tempo: Eco mantiña longas conversacións con Xuno sen ningún sentido, falando sen parar e co único obxectivo de distraer e enganar a deusa.


Pero en certa ocasión, Xúpiter estabao a pasar tan ben que esqueceu que a súa muller podía escocitalo e soltou tal gallada que Xuno se decatou do que estaba acontecendo. Entón a deusa decidiu facerlle pagar á desgraciada a súa complicidade e a súa traizón.

O castigo consistiu en facer que non puidese falar con sentido: Eco limitaríase a repetir a última palabra que dixerá a persoa coa que estaba. Non podía evitalo. Pensaba correctamente e tiña deseos como os demás, pero era incapaz de comunicalos. A súa voz era como un espello estragado.

Isto fixo que se avergonzase e se retirase ás profundidades do bosque. Ata que un día pasou por alí un cazador chamado Narciso. Eco quixo falar con el, pero cando Narciso lle preguntou «Quen es?» non pudo contestar máis que «es». Á cuestión «Que deseas?» respondeu «Desexas».

Como non conseguiu comunicarse con el, Narciso marchou e ela decidiu ocultarse nunha cova, onde permaneceu sen comer ata que os seus ósos se confundiron coas rochas e non quedou dela más que a súa voz, que áinda podemos escocitar nalgúns cavernas e acantilados.

Ovidio, Metamorfose, Alianza Editorial. (Trad. e adap.).



Traballo co texto

- Que che parece a explicación do eco neste mito?
- Cres que é importante falar e comunicarse correctamente?
- Escribe tres cousas que non poderíamos conseguir sen comunicarnos correctamente.